

Roteiro compostelán de Isaac Díaz Pardo

Esperanza Mariño Davila
(Academia Real Isaac Díaz Pardo)

Acceda aquí ás versións en

[Galego](#)

[Castellano](#)

[English](#)

Unha iniciativa da



A elaboración do texto, rematada en agosto de 2017, e as súas traducións, xeorreferenciación e subida á sección [O Territorio do/ Escritor/a](#) da web da AELG www.aelg.gal foron posíbeis grazas ao convenio de 2017 coa [Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza](#).



BIOGRAFÍA

«O home máis querido de Galiza» (1920-2012), segundo algúns intelectuais, tivo o privilexio de se criar nunha efervescente Compostela. Na Coruña de 1937, convertido no único sustento da arruinada familia, traballa como rotulista no taller de pintura industrial da Casa Bianchi. En 1938 morre a nai, que perdera a consciencia despois do fusilamento do home, porén nese mesmo ano Isaac empeza a pintar os primeiros retratos, para expoñer por primeira vez na Asociación de Artistas da Coruña (1939).

Aínda preferindo a arquitectura, a depauperada economía só lle permite estudar na Escola de Belas Artes de San Fernando (Madrid) no trienio 1939-1942 e iso grazas a unha bolsa concedida pola Deputación Provincial; remata os estudos obtendo o premio de Colorido e Composición. No ano 41 selecciónano para traballar na primeira experiencia de deseño industrial en España, baixo a dirección de Sáenz de Tejada. En 1942 gaña o premio extraordinario de fin de carreira Conde de Cartagena e pode realizar unha viaxe de estudos por unha Italia famélica e inmersa en plena Segunda Guerra Mundial, onde visita Roma, Siena e Florencia: esta cidade impresiónao. Finalmente, no curso escolar 1942-1943 traballa como profesor auxiliar de debuxo na Escola Superior de Belas Artes de Sant Jordi de Barcelona; en 1943 volta á Coruña, onde expón na Asociación de Artistas e ao ano seguinte en Vigo e Madrid.

En 1945 vai casar con Carmen Arias de Castro, Mimina, compañeira na Escola de Belas Artes e un ano despois nace en Madrid o primoxénito Camilo. No bienio 1946-1947 expón en Madrid, Barcelona e Londres; nesta cidade toma contacto co exilio no Instituto Español (oposto ao Instituto oficial franquista): Luis Cernuda, Martínez Torner etc. Na Coruña nacen os fillos Rosendo (1947) e Xosé (1949).

Contra todo prognóstico debido ao éxito, abandona a pintura en 1948 para se centrar na creación da fábrica de cerámica do Castro (1949). Desde 1955 até 1968 establécese na Arxentina, onde funda en La Magdalena outra empresa cerámica; isto vai supoñer o reencontro con moitos exiliados galegos: Luís Seoane, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Arturo Cuadrado etc., así como a recuperación do mundo cultural e político da II República, contacto e experiencia que van determinar fondamente o futuro labor. Tras moitas viaxes transoceánicas, desde 1968 permanece en Galiza.

A loita contra a desmemoria histórica imposta polo franquismo vaise converter no eixe central da súa vida; así, en 1963 crea, xunto con Seoane, o Laboratorio de Formas de Galiza -de cerámica de Sargadelos- e mais Ediciós do Castro, ao que seguirá o Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside (1970). No escaso tempo libre aínda pinta, pero esta faceta remata en 1971 e xa na década dos oitenta, en soidade, desenvolve a faceta de deseñador industrial (estruturas arquitectónicas, mobiliario e obxectos funcionais). No ano 2000 nace a Fundación Sargadelos.

Como recoñecemento do senlleiro labor a prol da cultura galega recibiu numerosos premios, entre eles o Pedrón de Ouro (1976), o Premio da Xunta de Galicia (1988), Premio Curros Enríquez (1997), Premio Jiménez de Asúa de Dereitos e Liberdades (1999), Premio Fernández Latorre da prensa escrita (1999), Premio Ramón Piñeiro de Láncara (2002), Premio das Artes e das Letras (2003), Premio Barbantia da Cultura Galega (2007) etc.

Ceramista, pintor, empresario, escritor, debuxante e deseñador, a actividade intelectual e industrial de Isaac Díaz Pardo converteuse nunha das máis prolíficas e interesantes da Galiza dos séculos XX e XXI.

OBRA LITERARIA

Obras en lingua galega

Poesía

Poemas soltos (1955, 1956, 1966, 2006)

Teatro

Midas (1957)

O ángulo de pedra (1957)

Narrativa

Unha presa de dibuxos feitos por Isaac Díaz Pardo de xente do seu rueiro (1956)

20 desnudos de Cecilia la acróbata (1965)

Tentando construír uma esfinge de pedra (2007)

Ensaio

Presencias galegas na arte dos nosos días (1993)

Carteis de cego

A nave e ispacial (1970)

O Marqués de Sargadelos (1970)

O crime de Londres (1977)

Castelao (1985)

Xornalismo

Múltiples artigos de opinión en revistas e xornais baixo pseudónimo (Fernández Ollarnovo, Santiago Fernández e Xoán Mazarico)

Crónicas inconformistas (2006)

Obras en lingua castelá

Ensaio

Discusión sobre organización de industrias manufactureras (1960)

El ceramista Arranz y su escuela (1964)

El escultor Emiliano Barral (1965)

Galicia hoy (1966)

Contribución de urgencia al entendimiento de los problemas de arte/industria (1976)

Galicia hoy y el resto del mundo (1987)

I. Casa natal da Tumbona, número 37, Rúa das Hortas (antes, número 20)

Santiago de Compostela acollía 25.870 habitantes no ano 1920 e unha década despois, 38.270 persoas, polo tanto na adolescencia de Isaac había máis de 40.000 cidadáns. A cidade xiraba arredor da Catedral e da Universidade, prestixiada esta sobre todo pola Facultade de Medicina, recoñecida no mundo enteiro. Para el, Compostela foi fundamental por ser o lugar onde naceu e se criou, e asemade por ser en certo modo o centro de Galiza e, desde logo, a capital.

En 1920 a familia chega á cidade para colaborar coa empresa Fraga. A casa natal pertencera a unha “tumbona” ou muller que iniciaba as mozas na prostitución. Neste predio naceu Isaac o vinte e dous de agosto, terceiro fillo do casal tras as irmás Cuca - finada antes de el nacer- e Mercedes (Chita) e nel viviu a familia de aluguer durante un bienio até unha estadía en Madrid de ano e medio. Logo voltaron todos e alí estiveron até o ano 1927, cando a casa foi mercada polo cóengo don Calixto.

Na casa había unha biblioteca e un museo; no primeiro andar moraba a familia. Alén da vivenda, na parte posterior había un patio cun pío e un pozo; no final de todo comezaba a horta, desde alí podíase ver a igrexa de San Froitoso, o Pazo de Raxoi e a Catedral. Nesta horta o primeiro ocupante, o empresario galeguista Isaac Fraga construíra un grande alpendre ou galpón de madeira, onde estaba o obradoiro de escenografía e no baixo da casa instalárase o de litografía para a impresión de carteis, cunha máquina de imprimir sen motor e con manivela.

A carón da Tumbona estaba a mísera casa da leal e servizal veciña “Teresa a dos chismes”, a mesma que recollera o colchón e mais o álbum de debuxos de Camilo no cárcere e trouxera á familia a mala nova do “traslado” desde a Falcona; aquela noite do fatídico catorce de agosto do 36, Isaac durmira na casa de Teresa para que non o fosen procurar na propia, antes de se ocultar durante medio ano na Coruña. Esta casa quedaba separada das outras pola calella da Tumbona, un simple desaugadoiro das Esterqueiras, cunha pedra que impedía o paso. Hoxe a calella converteuse na Ruela de San Clemente.

Camilo Díaz Baliño (1889-1936), o pai, era un ferrolán de familia de artistas, neto do herdeiro dun pazo; a nai, Antonia Pardo Méndez, coruñesa, era neta dun comerciante ferrolán anarquista e ambos casaran en 1909 e desde 1916 pertencían ás Irmandades da Fala. Curiosamente, Camilo estudara en Ferrol no prestixiado Colexio Dequidt, fundado en 1850 polo profesor francés do mesmo nome; alí compartira aulas con Francisco Franco (1892-1975), co que mantivera unha fluída relación; de feito, o xeneral encargáralle algúns dos carteis anunciadores da Lexión durante a guerra de África. No futuro, non só lembraría perfectamente o pintor senón que preguntaría por Isaac e decidira que pintase o Val dos Caídos, unha das poderosas razóns deste para se desculpar, esquecer a pintura e centrarse na cerámica. Mesmo Carmen Polo acostumaba visitalo con certa frecuencia no Castro cando veraneaban no Pazo de Meirás.

Díaz Baliño fora un dos fundadores das Irmandades da Fala da Coruña e militaba no Partido Galeguista; pintor, muralista, escenógrafo e ilustrador, foi tamén narrador e poeta –con poemas curtos e patrióticos, espallados por diversas publicacións, en defensa da lingua e cultura galegas–; o relato *Conto de guerra* (1928), ambientado na época da invasión napoleónica, fora ideado como texto de lectura para a escola. Desde a casa da Tumbona, dirixía ademais un semanario, *Luz*, editado pola Empresa Fraga e que pretendía ser unha especie de bandeira da Galiza nova e enxebre, auténtica.

Por alí pasaba o mellor da intelectualidade galeguista: escritores, políticos e artistas. As xuntanzas servían para unificaren os irmandiños da Coruña coma os irmáns Villar Ponte, Federico Zamora e Ánxel Casal, cos galeguistas de Pontevedra e Ourense como Castelao, Paz Andrade, Otero Pedrayo e Risco. Outros contertulios eran Luís Seoane, Antón Fraguas, José Teijeiro, os irmáns Carré, Ramón Cabanillas, Suárez Picallo, Peña Novo, Porteiro, Casas, Garabal, Silva, Blanco Amor, Asorey, Uxío Souto, o escultor Francisco Vázquez Díaz (“Compostela”), Arturo Cuadrado, Constantino Candeira e os novos da xeración do Seminario de Estudos Galegos: Lois Tobío, Bouza Brey, Fernández del Riego etc. Todos pertencían ás Irmandades da Fala, o Grupo Nós, o Seminario de Estudos Galegos ou o Partido Galeguista; dalgún xeito, a conciencia do Partido Galeguista formárase na casa das Hortas.

Anos despois a familia trasladábase ao número 20 da mesma rúa até o ano 1931 para que Ánxel Casal montase no baixo o seu prelo durante dous anos, converténdose polo tanto na primitiva sede da editorial Nós. O motivo máis evidente do traslado de Casal desde A Coruña, así como da editorial e da imprenta Nós, era a proximidade ao Seminario de Estudos Galegos, cuxas publicacións editaba.

As verbas do poema de Díaz Baliño *Para vós*, publicado no xornal *A Nosa Terra* o simbólico Día da Patria de 1930, van constituír unha verdadeira profecía:

*Prendinlle na cabeza do meu fillo, unha estreliña
forxada na irmandá
e quero ver brillar a luz d’esa estreliña
hastra chegar a cegar.*

*Que vexan os demais n’esa estreliña
a luz da Libertá.
Que vexan que o tesouro máis querido
o ten o seu brilar.*

*Estreliña feituca de cariños,
estrela do meu lar,
que sempre te levei como reliquia
da Terra, Dios e Nai,
xa te deixo prendida no meu fillo
para sempre endexamais.*

II. Igrexa de San Froitoso

Por motivos de proximidade foi o lugar escolleito para o bautismo. O nome de pía debeuse ao padriño, Isaac Fraga, dono da empresa de teatro e espectáculos que reproduce o apelido e bo amigo de Camilo Díaz.

Esta igrexa barroca da actual Rúa da Trindade foi construída no século XVIII por Lucas Ferro Caaveiro; de estilo churrigueresco, aparece coroada por unha soberbia cúpula semiesférica. Presenta unha austera decoración no exterior, profusa só na parte superior -pois debía ser vista desde a Praza do Obradoiro-, onde destacan as catro virtudes cardinais: Prudencia, Xustiza, Fortaleza e Temperanza; segundo a tradición popular, trátase das catro sotas da baralla. Na fachada hai unha fornella coa imaxe da Virxe das Angustias, de aí que tamén reciba o nome de igrexa das Angustias de Abaixo ou da Real Angustia. No interior aparece unha imaxe do bispo Froitoso, patrón dos enxeñeiros e destaca a Piedade neoclásica que preside o altar maior.

III. Costa do Cristo

Non había auga da traída na época, polo tanto cumpría buscala nas fontes. Formábanse colas para a obter, xa que a auga era un ben prezado e moi escaso na cidade, de aí o nome de “picheleiro”: o que fabricaba ou vendía picheis (pichel era tanto o cano ou picho dunha fonte como a ánfora para o viño). Ao pé da Costa que baixa do Obradoiro había unha fonte da que tamén se abastecía a familia de Isaac.

IV. Casa número 22 da Rúa Carretas (antes, número 16)

En 1931 a familia de Isaac múdase ao terceiro andar dunha casa desta rúa; nela van continuar as visitas dos intelectuais galeguistas.

V. Rúa de Isaac Díaz Pardo

En época recente o goberno municipal decide nomear unha pequenísima rúa –de tan só 161 metros de longo-, co nome do ilustre e universal santiagués. Situada no final da Rúa das Galeras, non está lonxe do berce natal.

O primeiro poema publicado por Isaac na revista ferrolá *Aturuxo*, asinado co pseudónimo de Xalo, é o titulado *Cacheno* (1955); este vocábulo significa o anaco de algo que previamente foi escachado, simbolizando a desfeita da familia na Guerra Civil. No texto faise patente xa unha decisión fulcral: a de abandonar temporalmente a Galiza baixo a pouta fascista para marchar á Arxentina, de común acordo coa xente do exilio.

*Arelan homes nova lus;
arela as ondas praias.
Degoran ventos albre e frol
e a terra pesa calada.
E o peito agarda novo ar
e o courazón nova auga.
A vida dalle antergo amor
e o tempo cadeas manda.
Ren agardando está por ti
samente nai terra agarda.
O corpo terma o courazón
de repetir sua espranza.
E os montes morrense de amor
de Hourizontes de montañas.
Inda mais forte que o morrer
o azul da distancia engaña.
Espera sempre amante amor
días que traian mudanzas.
En ti i-en todo a vida está;
de ser tua amante cala.
Tórcese a i-alma por se ver;
nudos de dubidas hacha.
A femia a tua veira está;
o macho en ti beizo garda.
Estás pasando ou xa pasou
e a consciencia sigue crara.
Xa nadia cura a tua dôr
namentras tua vida manda.*

VI. Domicilio de Ánxel Casal

Antes da Guerra Civil, a rúa chamábase Inferniño de Arriba (número 18); hoxe vén sendo o número 16 da Avenida de Raxoi. Entre 1933 e 1936 morou alí o intelectual e político Ánxel Casal (1895-1936) xunto coa costureira e activista María Miramontes (1895-1964), que morrería no exilio porteño. Ambos crearan a Escola de Insiño Galego (bilingüe, galeguista, laica e inspirada na Institución Libre de Ensinanza). Tanto a casa coma o taller foron asaltados e roubados polos fascistas, que tamén queimaron os libros.

Arestora aínda se pode ver desde o exterior a ventá do baixo da casa onde María tiña a sala de probas. Tense dito que do obradoiro de costura saíron algúns cartos para axudar no arduo, case heroico labor do seu home coa Editorial Nós. Era unha casa moi familiar debido aos frecuentes recados de Camilo Díaz para Casal, dos que se encargaba Isaac.

VII. Rúa de San Clemente

A comezos do século XX non había sumidoiros en Compostela, senón pozos negros baleirados anualmente. Os esterqueiros achegaban o toxo para mesturalo con residuos tirados dos pozos negros, conservados en tinas e logo postos a secar, deixando as casas cheirentas. Así eran “as Esterqueiras”, daquela terras de labor fertilizadas; a actual Ruela de San Clemente comunica esta rúa coa das Hortas até a casa da Tumbona.

VIII. Rúa do Campo da Estrela (antes, do Campo da Leña), Porta Faxeira e Rúa da Senra

Lugares por onde atravesa o “coche de punto” que leva a esgazada familia desde a Rúa Carretas para A Coruña antes das sete da mañá do dezaseis de agosto de 1936, tras a nova do traslado do pai desde o cárcere de Arzúa a un lugar descoñecido da provincia de Lugo, presentindo así o funesto destino. Isaac ía disfrazado cunha pucha e gafas por imposición dos tíos paternos coruñeses Camila e Indalecio.

O vehículo pasa por diante do cárcere de Raxoi (coa porta chea de militares armados), o Inferniño de Abaixo –hoxe, rúa da Trindade-, o Campo da Leña e a Porta Faxeira. A Rúa da Senra foi o final do traxecto do taxi, no que ían tamén a nai e irmá de Isaac baixo a protección dos parentes, co obxectivo de chegaren á céntrica parada do autobús Castromil. Na Coruña, o rapaz de quince anos tivera que permanecer agochado durante seis meses para salvar a vida: o refuxio fora o fogar do tío Indalecio na Praza de Pontevedra. Na cidade comezou a traballar nun taller de pintura industrial case militarizado no que un coronel detentaba máis poder que o propio mestre; alí o adolescente rotulaba tranvías, pintaba portas, decoraba os comedores do Auxilio Social e Hospitais de Sangue; tamén tiña que pintar xugos e frechas e algúns retratos de Franco, obrigatorios naqueles “anos triunfais”.

IX. Carballreira de Santa Susana

No outeiro destaca a igrexa de Santa Susana, de estilo románico-gótico, unha das máis antigas da cidade e á vez coetánea da catedral. Foi consagrada polo arcebispo Xelmírez a comezos do século XII (1102), como destino das reliquias da santa desde o seu primitivo lugar de Braga. Este “pío latrocinio” -segundo os cronistas da época- tivo como obxectivo potenciar o culto ao Apóstolo Santiago e foi devolto nos anos noventa do século XX; os restos pertencían a Santa Susana, San Cucufate e San Silvestre. Perduran aínda da construción orixinal a porta co arco de medio punto e mais a ventá da fachada; nos séculos XVII e XVIII levouse a cabo unha gran restauración. En fronte atópase un monumento dedicado a Castelao en 1995, que representa Galiza mediante un simbólico mapa.

A carballeira estaba moi concorrida na feira dos xoves. Alí estaban os cegos cos seus cantares, que tanta importancia terían na obra de Isaac e doutros artistas galegos, como Castelao e Carlos Maside. Nunca podía faltar á feira un cego ou alguén que se facía pasar por tal, lembrando o vello adaxio: “Para pasar por cego hai que ter moita vista”, que ía acompañado por un instrumento musical, un cartel e a muller que cantaba e vendía os papeis coa lenda, xeralmente un crime.

Isaac gravara para sempre na memoria a música e boa parte da popular letra castrapizada dun daqueles, titulado *O crime de Catoira*. A letra completa vén sendo:

*Virgen santa del Carmelo,
que disjracia acontecida,
préstame tu luz devina,
y dame tu santa jracia
pra relatar el crimen maior,
que gente cristiana vio
desde que al mundo vino
el higo de tus entrañas.
En la ciudad de Catoira,
a la beiramar pousada
habitaba un caballero,
con su muger y su hermana.
Con el vivían seis higos,
un criado y dos criadas
de todo el pueblo queridos,
por su muy buena crianza.
Tenía el tal caballero,
llamado Don Luis Tejada
sona en el país de sere,
hombre rico por su casa.
Y el día cuatro de octubre,
a las dos de la mañana,
cinco feroces bandidos,
el edificio asaltaban.
Adéntranse en la vivienda,
cogen al criado da casa
y al desjraciado que berra,
hacen con il la matanza.
Las criadas danse conta y
por defender a su ama
acoden con canivetes
abertos la mau armada,
mais asejún se aprosiman
reciben en las illarjas
dos tremendos jarapaldos
y luejo seis puñaladas.
Tan jrandes son las heridas,*

*que las dejan coma ranas
espateladas derriba
de un charco de sanjre basta.
No contentos los forajidos,
de esta cobarde fazaña
y métese en las alcobas
que niños y niñas jardan.
Dejando a las creaturas
de tal xeito acrebilladas,
quel que mas enteiro queda,
es una pobre peldraña.
Y acode el buen caballero,
al berrar la miudanza
y tres de los bandoleros
lo cogen de las solapas
y después de sacodirlo
como quen sacode una sábena
contra las lousas del piso
le dan unas cabezadas
que al instante botan fora
toda la masa encefálica.
Mais il que es hombre valente
ni por esas se la casca
y botándose a los ladrones,
lo mesmo que un can de rabia
a couces, a puñetazos
y a mordedelas calcadas
consije chimpardous dellos y
les masca las entrañas.
Entón el otro bandido,
que la imajen presenciara
le manda un golpe tremendo
con una enorme navalla.
Don Luis le llama una cosa,
que es una fea palabra
da dos voltas, chosca un ojo,
pernea un pouco y acaba.
Y aquí termina señores
la estoria ben contada
deste sanjrento suceso
que a Catoira costernara.*

Esta lembranza vívida serviu de inspiración para os catro carteis de cego publicados, con debuxos e texto baixo o alcume do “Cego Zago”: *A nave espacial* (1970), *O Marqués de Sargadelos* (1970), *O crime de Londres* (1977) e *Castelao* (1985).

Tales carteis supoñían a canle para expresar o compromiso coa desmitificación burlesca da realidade circundante.

Que non supoñían unha obra menor demostrao a presenza na importante exposición da Casa da Parra en 2011, tras superar a selección fixada polo propio artista. Acolá estiveron o cartel *O crime de Londres* e o tríptico “A nave espacial” (1966). Pódese inferir que no artista existiu case sempre un forte vencello entre imaxe e palabra.

A poderosa pegada dos cegos influíu tamén nun experimento parateatral dos anos setenta, o dun robot que imitaba un cego a cantar romances, mover a boca e tocar o violín; asemade o sistema permitía que os cadros do cartel se iluminasen a medida que os cantaba. Nunha das convocatorias da decana Feira da Industria de Ferrol, o director decidira montar nun enorme galpón do INI o espectáculo co robot no centro da sala e a cerámica do cartel nas paredes; a pesar de que a historia desenvolvida era moi crítica co réxime franquista, as autoridades dedicáronlle un grande aplauso que constituíu ao seu xeito un fracaso para Isaac posto que o forte sentido crítico non era percibido.

X. Rúa do Vilar, número 15

Segundo predio da Imprenta Nós en Santiago. Alén de prelo e de editorial, no local adoitaban xuntarse co editor moitos dos amigos escritores. As Rúas Nova e do Vilar, moi transitadas, constituían o cardo e o decumano da cidade antes da Guerra.

XI. Galería Sargadelos (Rúa Nova, número 16)

Foi inaugurada o dezasete de maio de 1978 cunha exposición monográfica sobre o Seminario de Estudos Galegos. Presentouse a reedición de *A Terra de Melide*, en *Cadernos do Laboratorio de Formas de Galicia*, número 5 de Edicións do Castro.

Como toda empresa de Isaac, articulouse como unha galería que, ademais da venda da cerámica, servise para a promoción de novos valores das artes e das letras galegas, así como para realización de exposicións e actos culturais.

A pesar de ser o creador, foi apartado da dirección e da administración do Grupo Sargadelos, constituíndo isto o máis grande e doloroso fracaso da súa vida.

Cantiga da soedade (2006)

*Non me deixes sin ela
Ay amigo
Xa ves que en soedade morro.*

*Si di que vén
Ay amigo
Non me deixes con ela.*

*Si pregunta
Ay amigo
Dille que si que eu a quero.*

*Si me busca
Ay amigo
Dille que eu non a espero.*

*Si morre
Ay amigo
Voando meu voo lle entrego.*

*E si di que ela me esquence
Entón dille, ay amigo
Que morrer tamén eu quero.*

XII. Teatro Principal

Casa de Comedias no comezo, en 1802 o Concello merca o predio para reedificarse quince anos despois como *pequeno teatro á italiana* e finalmente renacer en 1841 como Teatro Principal, modelo do *teatro burgués*.

Vai ser o padriño de Isaac, o empresario Fraga, o que en 1915 obteña os dereitos de explotación do Principal e o transforme para modernizalo, substituíndo o gas pola iluminación eléctrica e introducindo un cinematógrafo que vai proxectar os primeiros filmes, nos que o músico Ángel Brage traballaba como director musical (o pianista Ángel Brage –fillo- foi nacer casualmente neste Teatro).

Moi ben coñecido por Isaac, tanto por dentro como por fóra, pois con moita frecuencia levaba recados; non en van no obradoiro da Rúa das Hortas, Díaz Baliño deseñaba os carteis anunciadores. Para os traballadores dos teares dos escenarios teatrais á italiana os *topes* son os lados desde onde se arrían as cordas e os *arrojes* os contrarios, que no Principal se denominaban *Salomé*s pola proximidade da igrexa deste nome. Tanto este edificio coma o Salón Teatro pertencían á Empresa Fraga.

Desde pequeno, o santiagués era tamén un espectador habitual de cine mudo – amenizado no comezo e nos entre actos por unha orquestra até 1929-, teatro e circo. Por alí pasaran todos os espectáculos do teatro galego. Igualmente, celebrábanse mitins e asembleas sindicais nas que se tiñan decidido algunhas folgas. Tamén se celebraban actos académicos organizados pola Universidade e mesmo actos relixiosos; dalgún xeito, o Teatro Principal era o foro no que transcorrían os feitos máis importantes da vida compostelá. Na actualidade, o Teatro ten capacidade para 450 espectadores e acolle teatro, cinema e mesmo eventos musicais.

A peza teatral *O ángulo de pedra* (1957) é unha traxedia en tres actos que desenvolve a corrente existencialista da época, pero totalmente innovadora na literatura galega. Acontece durante vinte anos nunha vila sen nome dun reino; os

personaxes conforman un grupo antagónico: o constituído por un Mestre anónimo, sabio, humilde e íntegro xunto co seu único fillo Antelo, «*paí dos pobres*» que procura a redención mediante a loita, en contraposición aos corruptos (o Moralista, símbolo dos farisaicos líderes relixiosos, o Político, o Xuíz mentireiro e mais o *Valuro* ou avaro, que mira unicamente polo propio proveito asoballando sen escrúpulos). Non cabe a menor dúbida de que a obra é unha profunda crítica tanto ao sistema capitalista global, que só procura o lucro, como ao medo e silencio forzoso da ditadura franquista:

MORALISTA

*Ca miña verdade moral a todos gaño;
iles son os carneiros i-eu o amo.
Máis, coma todos coñecen o abiso,
hei de falarlles con tino e siso.
E se algún d'iles descarría
a couces levareino, na barriga.*

POLÍTICO

*Se o meu político saber é bon
é porque son pr'as xentes un trebón.
Eu lles gañei unha guerra dirixida
contra nemigo iñoto, e incomprendida,
porque o único e grande resultado
é que me fixen rico a conta do Estado.*

VALURO

*O meu saibo traballo fixo do home
un mecánico ser sen vida e sen nome;
e isto, que é maravilla dista era,
me dou a min máis millóns que calquer guerra.*

MORALISTA

*(Fitando a Antelo.)
Se mal non ollo, un home intentar houbo
redimir, perdicando, ô noso pobo.*

ANTELO

*...e vosoutros roubades, porque en todos manda a fame do corpo; vos
levan â cadea e nas costas vos porán un letreiro pra que as xentes vos
chamen ladroeiros. ¡Porque roubades descoñecendo os enredos das
leises! ¡Ouh! ¡Grande e doente antroido! Sabemos que algún de vós
rouba e, nembargantes, vive en caiñentas chouzas e non goza de bo
xantar. E se o que vive así vive tan desvalido, percisa roubar ¿cánto
roubará o que vive nos pazos, entretendo con exquisitos xantares os
seus feros apetitos? Pro diste ninguén fala... naidas sabe... e, isí!,
sabemos que os que nos gobernan fixeron fórmulas pra roubar sen ir â
cadea, fórmulas cas que rouban vosas facendas e vosos dereitos.*

MORALISTA

*Súa verba tan pura e verdadeira
o novo siño semella d'outra era;
e pois que a razón con íl a ten,
a concencia do pobo se lle ven.
Se non se percura a voz calarlle,
nosa vida afundirá este cobarde.*

VALURO

*Algo debo facer para que o Rei
lle poña ô pescozo o adibal da lei.
Que o que a min importa é o diñeiro;
a concencia e verdade m-importa un beldro.*

POLÍTICO

*De propoñer súa morte â xusticia
hei, pra quen fala con tanta malicia,
porque se adeutos gaña, e se porgresa
seu pensamento, finará ca miña empresa,
levando meu goberno a mal camiño.
¡Non m'as da a mín con queixo iste cretino!*

XIII. Colexio de Fonseca

Na Rúa do Franco sitúase un antigo Colexio Maior, o chamado Colexio de Santiago Alfeo, hoxe de Fonseca e xerme da Universidade compostelá, que foi fundado en 1526 polo arcebispo Alonso III de Fonseca.

Casa orixinal do arcebispo, foi reformada para funcionar desde 1544 como Universidade; os primeiros arquitectos foron Juan de Álava e Alonso de Covarrubias. De estilo renacentista con trazos platerescos, o predio consta de dous corpos, estando o inferior embelecido cun par de esculturas góticas; á esquerda aparece representado San Mauro e á dereita a Virxe dos Praceres. No centro da fachada destaca o escudo dos Fonseca coas cinco estrelas e rodeado polas figuras dos doutores da Igrexa. No interior destacan a vella capela gótica á dereita e o salón artesoadado de tipo mudéjar, así coma o patio, rodeado polo claustro de Gil de Hontañón. Hoxe funciona como Biblioteca Xeral da Universidade e sala de exposicións.

Un dos importantes movementos renovadores da identidade galega, o “gran proxecto cultural” do Seminario de Estudos Galegos (SEG), forneceu a institución ideada polo escritor ourensán Antón Losada Diéguez; na súa casa pontevedresa formouse a Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas, orixe da institución posterior. Creada en 1923 en Ortoño (Ames) por nove estudantes universitarios -entre eles, Lois Tobío e Martínez López-, tivo a sede no Colexio de Fonseca. Pronto foi

ampliada con boa parte da intelectualidade galeguista, en especial a agrupada arredor da revista *Nós*, con Ánxel Casal como rexistrador e divulgador do seu labor.

Este Colexio fora cedido ao SEG polo Decreto do Ministerio de Instrución Pública en 1930; dedicado ás investigacións arqueolóxicas, antropolóxicas e xeolóxicas, custodiaba no salón artesoado as coleccións etnográficas –con algunhas maquetas que representaban a arquitectura popular, hoxe no Museo do Pobo Galego-, arqueolóxicas, de ourivesaría compostelá e portuguesa, de arte contemporánea etc. As coleccións estaban presididas pola escultura “Nai”, de Eiroa. Como finalidades procurábanse o estudo e divulgación do patrimonio cultural galego e mais a formación de investigadores, funcións ambas as dúas que daquela a Universidade non cumpría, con programas académicos alleos a calquera das manifestacións históricas ou culturais da realidade galega. O SEG creou en 1931 o primeiro anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galiza, o pioneiro deste teor feito en Europa.

O Seminario constaba de doce seccións cos correspondentes presidentes, algúns deles foron: Cotarelo Valledor (Filoloxía), Castelao (Arte e Letras), Risco (Etnografía), Cuevillas (Prehistoria), Otero Pedrayo (Xeografía), Filgueira Valverde (Historia da Literatura), Luís Iglesias (Ciencias Naturais) etc.

En 1936 e baixo o movemento golpista, o SEG foi desmantelado e segundo o pensamento de Isaac, este fora o máis brutal atentado cometido contra Galiza por ser a institución creada para recuperar o legado histórico e que máis prestixio lle tiña dado, recoñecida mesmo en varios países de Europa. A diferenza do Institut d’Estudis Catalans, que foi respectado e puido sobrevivir, o SEG foi substituído durante o franquismo por un sucedáneo imposto por Madrid: o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, unha vulgar imitación do esplendor de outrora.

Por outra banda, o Colexio de Fonseca constitúe a verdadeira orixe da Universidade compostelá. No ano 1991 Isaac recibe a Insignia de Ouro desta Universidade e no ano seguinte resulta nomeado como Doctor Honoris Causa polas Facultades de Bioloxía e Historia, sendo apadriñado polo profesor Díaz-Fierros Viqueira e o reitor Ramón Villares. O discurso de benvida do daquela reitor está recolleito nunha publicación do Consello Social da devandita Universidade; este acto, segundo o homenaxeado, foi algo que sempre o fixo sentirse orgulloso.

XIV. Pazo de Raxoi

Antigamente, o soar estaba ocupado polos cárceres civil e eclesiástico xunto con parte da muralla. Así chamado para honrar o arcebispo Bartolomé de Rajoy, principal impulsor do proxecto, foi construído entre os anos 1766-1772 polo enxeñeiro Carlos Lemaury no estilo neoclásico francés; foi Seminario de Confesores, cárcere e Consistorio. Está composto por dúas unidades independentes: a posterior, organizada arredor dun patio interior, e a anterior, simétrica e emparentada con varios predios franceses, coma o Palacio do Louvre, a Casa do Concello de Nancy e o Capitolio de Toulouse. Consta de tres corpos, nos que destacan o inferior –con soportal corrido- e mais o superior -coroado por un ático con balaustrada-. No frontón represéntase a Batalla de Clavixo, cun Santiago Matamouros Ecuestre de Xosé Ferreiro.

Nos anos vinte Camilo Díaz comeza a traballar no Concello, primeiro como delineante interino e logo como delineante municipal en propiedade, aínda que na realidade exerceu como primeiro director artístico profesional da Galiza contemporánea (1924-1936), encargado da organización das cabalgatas, do recibimento de personaxes ilustres, do deseño do pendón e insignia do Concello, do deseño dos carteis das festas do Apóstolo deses anos -reproducidos despois da Guerra Civil sen o seu nome- etc.

Desde unha ventá deste pazo Isaac quita unha foto da Praza do Obradoiro, coa propaganda a prol do Estatuto de Autonomía que el mesmo deixara pintada con chapapote nas lousas da entrada e centro da Praza. A rebeldía e o inconformismo do adolescente motívanos a militar, máis que no galeguismo *culturalista* representado polo pai, nas Juventudes Socialistas Unificadas, de ideoloxía marxista, porque para Isaac o galeguismo resultaba demasiado brande fronte á problemática social e política, na procura dunha loita continua pola xustiza e contra o fascismo rampante que ameazaba o mundo. Para el, a cultura e arte debían estar vencelladas á loita contra a desmemoria, pero tamén a un compromiso político para a transformación da realidade, na liña das vangardas e de Karl Marx. Na campaña polo Estatuto colaboraban algúns xoves das mocidades galeguistas como Avelino Pousa Antelo; usando a xeito de tribuna a camioneta do lixo do Concello, xuntos percorreron as aldeas periféricas da cidade até chegaren á Ría da Arousa.

O día 19 de xullo de 1936, tras o alzamento militar, a multitude acudira á Praza para recibir noticias; o alcalde Ánxel Casal, recién chegado de Madrid a onde fora comisionado para entregar o Estatuto, falara desde o balcón anunciando a creación dunha Junta de Defensa. O día 20 entraron por Fonseca os estartelados e ateigados camións dos mineiros de Lousame; o alcalde contara como na Coruña o exército saíra á rúa e pedía axuda para defender o Goberno Civil. Varios buses do Castromil recolleron os voluntarios, aos que se sumara Isaac cun enorme entusiasmo á vez que con serias dúbidas sobre a eficacia, posto que as únicas armas consistían nos cartuchos de dinamita dos mineiros e algunha escopeta de caza. Tras o regreso da Coruña na madrugada, impuxérase a cruel realidade: fronte a San Caetano (daquela Colexio dos Xordomudos), os militares –que axiña tomaran Santiago sen un só disparo-, posicionáranse cunha metralhadora, obrigándoo a dar un rodeo até a casa por Vista Alegre.

Por outro lado, os baixos da parte posterior de Raxoi constituían sempre o cárcere municipal e tamén acubillaron os presos políticos ao comezo da Guerra Civil. Alí estivo, entre outros moitos, Camilo Díaz Baliño, que estando prisioneiro ilustrou un álbum no que debuxara os seus vinte compañeiros intelectuais, dirixentes políticos e obreiros, antes de lle daren o paseo na parroquia de Meixide (Palas de Rei).

No ano 1988 a Isaac Díaz Pardo foi nomeado Fillo Predilecto da cidade de Santiago de Compostela e asemade recoñecido coa Medalla de Ouro do Concello.

XV. Praza do Obradoiro (antes, do Hospital)

O carismático lugar levaba o nome do antigo Grande Hospital Real de Santiago, reconvertido desde 1954 nun luxoso Hostal dos Reis Católicos, logo Hotel e hoxe Parador. Esta construción coa primeira portada renacentista de Galiza, de fasquía plateresca e obra do arquitecto real Enrique Egas, debeuse á idea xurdida nunha visita dos Reis á cidade en 1492, vendo a necesidade da acollida dos peregrinos pobres, en especial os enfermos; a idea plasouse en 1501, segundo consta nunha inscrición latina do friso superior da portada. Distribuído nunha planta terrea e tres andares, destaca pola maxestosa portada plateresca, a xeito de gran retablo; sobre as pilastras, de abaixo a arriba, pódense ver á esquerda as figuras de Adán, Santa Catarina e San Xoán Bautista mentres na dereita se albiscan as de Eva, Santa Lucía e María Magdalena. Tamén os doce apóstolos aparecen no friso da porta e en dous medallóns están esculpidos os bustos dos reis Isabel e Fernando; no corpo superior hai unha ventá pertencente ao aposento real, flanqueada por imaxes de Cristo, a Virxe, Santiago e varios apóstolos. A gran balconada apóiase en ménsulas adornadas cunha exuberante decoración vexetal; a cornixa está decorada cunha cadea na que sobresaen grotescas e obscenas gárgolas. Diante da fachada destaca unha grosa cadea do século XVI apoiada nuns piares tallados con esmero, que serviu para delimitar o terreo do Hospital fronte ao Concello.

O predio sufriu unha metamorfose totalmente contraria ao motivo da súa creación: de refuxio de pobres a divertimento de ricos; mesmo a súa capela foi descristianizada para contribuír ao labor de hotel de superluxo. No seu tempo, Valle-Inclán, Maside e outros pensaban nel como Facultade de Filosofía e Historia e Museo mentres Castelao e Ánxel Casal propoñían establecer a sede do Goberno de Galiza.

Fronte ao Parador amósase o Colexio de San Xerome, primitivo Colexio de Artistas –para estudantes pobres e artistas-, construído no século XVII por un arquitecto descoñecido, onde se mesturan o estilos románico do pórtico xunto co posterior barroco; constituído por unha planta terrea e un sobrado, na portada románica están representados o Apóstolo Santiago e diversos santos; na arquivolta, a Virxe co Neno. Hoxe converteuse en Reitorado da Universidade.

Aliñado coa Catedral está o Pazo de Xelmírez, construído polo arcebispo no século XII; de orixe románica, foi reformado e aumentou nunha planta, levantándose unha fachada barroca a xeito de contraforte. Actualmente funciona como Museo da Catedral.

Segundo a tradición, a Catedral naceu no século I como un pequeno mausoleo romano, logo derruído por orde do rei e primeiro peregrino Afonso II, para erguer unha capela de pedra que cobexase os restos do Apóstolo descubertos no ano 814; un segundo templo foi construído por se xulgar pequeno o primitivo, logo destruído por Almanzor, que levava as campás da igrexa para Córdoba en sinal de triunfo. O bispo San Pedro de Mezonzo reconstruíu un novo templo prerrománico en 1003, dando lugar á construción do templo actual en 1075, alcanzando así a época de maior esplendor baixo o poder de Xelmírez; a Catedral foi finalmente consagrada en 1211.

Nas obras participaron, entre outros, os Mestres Estevo -o das Pratarías- e Mateo, que constrúe a cripta e o Pórtico da Gloria; a Catedral sufriu numerosas modificacións co pasar do tempo, que alteraron a primitiva planta de cruz latina. A fachada barroca

occidental, que toma o nome do obradoiro de canteiros da Praza durante a construción, foi realizada por Casas Novoa en 1740 (tras ela sitúase o Pórtico da Gloria). A fachada presenta grandes ventás acristaladas para a iluminación da nave, na metade do corpo central figura Santiago Apóstolo e máis abaixo están Atanasio e Teodoro, todos con hábito de peregrino e no medio dos discípulos, entre anxos e nubes, tamén se representan unha urna e unha estrela, símbolos do sepulcro atopado e das luces albiscadas polo ermitán Paio. Nas torres aparecen os pais do Apóstolo; á esquerda o Zebedeo e á dereita Santa María Salomé. A escaleira de acceso ao templo foi realizada por Ginés Martínez e inspirada no estilo renacentista italiano. A Catedral, xunto co extraordinario casco monumental, supuxeron para a cidade a declaración de Patrimonio da Humanidade da UNESCO no ano 1985.

As lousas do chan, xusto diante do Obradoiro, servíronlle a Isaac como extensa superficie para a propaganda a prol do Estatuto de Autonomía no plebiscito de 1936: «*Si. Autonomía. Si*» (Esta reduplicación do *si* insiste no contido e á vez implica que nada superfluo se engada, tan só a rotundidade da mensaxe). Isaac involucrárase de cheo na campaña estatutaria, distribuindo e mesmo realizando tres carteis propagandísticos claros e precisos, asinados co pseudónimo de Xalo por consello paterno, a excepción dos carteis realizados para as Xuventudes Unificadas Socialistas nas que militaba, onde utilizou o nome propio.

XVI. Academia Gelmírez

Primeiro estaba situada na Algalia de Abaixo, na esquina que daba á Rúa dos Truques e preto do Pazo de Amarante; con posterioridade, entre O Rego d'Auga (hoxe, Rúa Xelmírez) e A Conga. A casa da Algalia constaba de varias plantas; na máis baixa impartíanse as aulas da Primaria e nas superiores as de preparación para o Bacharelato. Foi a Academia máis prestixiada antes da Guerra Civil.

O director e propietario era o gran mestre republicano José Teijeiro, outro dos fortemente represaliados na Guerra, que se viu obrigado a abandonar a cidade e morar na Coruña nunha extrema pobreza, sobrevivindo coa venda de leña e carbón.

Isaac comezara a ir a esta escola con oito anos, sen libros de texto por constituíren un auténtico luxo, polo tanto debíase basear unicamente nos apuntamentos para o estudo. Tamén Camilo Díaz Baliño fora profesor de debuxo naquelas aulas xunto co adolescente Isaac, que no ano 1936 chegara a substituír esporadicamente seu pai.

XVII. Praza da Quintana

Nesta emblemática Praza da Quintana de Vivos atópase a Casa da Parra, obra barroca de Domingo de Andrade no século XVI; foi restaurada no século XX –durante o que se engadiu a balaustrada xunto cun andar- ao igual que a propia Praza e moitos outros predios composteláns por un esquecido Constantino Candeira, arquitecto do Concello de Santiago. Destaca a enorme cheminea e na ornamentación, as ménsulas

da parte inferior da balconada e mais os motivos vexetais das portas, os acios a xeito de marco.

Na Casa da Parra, que na actualidade serve como sala de exposicións, exhibiuse precisamente a derradeira en vida do artista, titulada “Isaac Díaz Pardo. Pinturas e fracasos” (14/2/2011-15/5/2011). A selección das obras foi levada a cabo polo propio autor e constaba dunha gran diversidade de obras de cerámica, debuxos, carteis e múltiples óleos. Esta mostra tivo un grandísimo éxito, sendo visitada por miles de persoas ao longo do trimestre. Cómpre non esquecer o ideario do artista que aspiraba a transformar a sociedade, facéndoa máis igualitaria a través dunha arte ao servizo do pobo; a arte non debe ser especulativa, un produto barato feito en masa para masificar e degradar o individuo (puro pan e circo), senón posuír unha filosofía social de fondo, relacionada estreitamente coas causas xustas.

En fronte, na segunda planta do número 3 da Praza da Quintana, ten a sede o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), na súa delegación santiaguesa. No ano 2001 Isaac resultara distinguido como Arquitecto Honorífico desta institución.

O segundo poema da revista *Aturuxo*, asinado como Xalo, mostra a primixenia etapa do pintor baixo o título *A unha rapaza da Fontán que me pousa de modelo* (1956):

*Como as conchas que topas no mare
remexendo as areas de Sada,
como isas caracolas-frol
con balbordo de ondas lonxanas,
de remotos e senlleiros mares,
d’outras intuídas prayas,
así trás un alento en teu corpo
d’unha especie que a hestoria non fala.*

*Tremedante na mau un carbón
sobor da folla branca
vai seguindo o mensaxe formá
semellando se pode a túa gracia
que arrecende fermoso o teu corpo
ô papel que quixera apreixala.*

*Ti pasas a vida vendendo
ise peise que dá o mare de Sada
co teu corpo cuberto con roupa
cal mensaxe que os Deuses mandaran
d’un alén do primeiro mencido
a un alén d’ista vida inmediata.*

*Desespero por achar a forma
do mensaxe n’unha folla branca
cal xeómetra por topar o númaro
que ô cadro co círculo acadan.*

*Hay un intre no que eu home esquezo
sere o pai e o destiño da i-alma.*

XVIII. Instituto Xelmírez

Na Praza de Mazarelos, preto da antiga porta medieval que permitía o acceso tanto aos peregrinos provenientes da Vía da Prata como aos viños ourensáns, e única das sete portas conservadas, atópase a antiga Casa de Exercitantes, edificio barroco do século XVIII construído na súa maior parte polo arquitecto Simón Rodríguez.

Primeiro Facultade de Filoloxía, hoxe é Facultade de Filosofía. Antes da Guerra Civil foi o único Instituto santiagués onde se impartía o Bacharelato; era un centro mixto e Isaac estudou alí varios anos. O edificio imprimía carácter porque había aulas dispostas a xeito de anfiteatro e tamén un magnífico profesorado, moi coñecido, coma Pierre Ledevin, de francés, ou o excepcional Agustín de la Rosa, que impartía Ciencias e deu nome á coñecida rúa santiaguesa.

XIX. Fundación e Museo Eugenio Granell

Sita na emblemática Praza do Toural, ocupa o Pazo de Bendaña. Este pazo urbano, unha das máis belas moradas de Compostela para Otero Pedrayo, foi mandado construír polos marqueses de Bendaña e rematado en 1759 por Clemente Fernández Sarela; caracterízase tanto polos típicos balcóns enreixados propios do barroco santiagués como pola enorme cheminea ou a espazosa escaleira central. Na parte superior destaca o escudo dos marqueses dentro dunha orla decorada con cunchas e fitas, coroado pola singular escultura dun Atlas que sostén sobre os ombreiros a pesada carga dunha esfera ou globo terráqueo, no que están representados o sol e as estrelas.

Co tempo, o pazo albergou diferentes entidades, até que no ano 1995 comezou a funcionar como sede da Fundación, inaugurada cunha exposición conmemorativa do universo de Granell e da súa esposa, a artista e actriz Amparo Segarra. No interior reúne as obras do pintor e mais a súa colección étnica. A Fundación dedícase a montar exposicións e promover todo tipo de actividades académicas e pedagóxicas.

Durante a infancia e mocidade Isaac tratara os irmáns Fernández Granell, sobre todo Mario (1914-1991) por frecuentar a casa da Tumbona, onde realmente se converte en pintor baixo a dirección de Díaz Baliño; comeza a expoñer moi pronto, recibindo xa en 1929 o seu primeiro premio de pintura. Tras a Guerra é represaliado co cárcere durante un quinquenio, logo emigra a Venezuela onde intima co escritor Celso Emilio Ferreiro para regresar a Galiza a comezos dos oitenta. Foi tamén debuxante, deseñador gráfico e poeta pero, sobre todo, un artista cun estilo moi persoal: para uns, surrealista e para outros, inclasificable ou *granellista* de puro orixinal pola súa grande imaxinación.

Pola súa banda, o exiliado Eugenio Fernández Granell (1912-2001), home brillante e polifacético, foi un pintor surrealista destacado pero moito máis ca iso: xornalista, profesor universitario, escritor, crítico, decorador, músico violinista, soldado, etc. Militou no Partido Obreiro de Unificación Marxista (POUM) e loitou na fronte antifascista durante a Guerra Civil, para logo sobrevivir en varios campos de concentración franceses e exiliarse en varios países de Sudamérica até a súa etapa estadounidense. Regresa desde o exilio a Madrid en 1985. Escritor prolífico, publicou relato, novela, ensaio e xornalismo; recibiu numerosos premios, tanto no eido pictórico coma no literario. Foi nomeado Fillo Adoptivo de Santiago de Compostela no ano 1997.

Isaac foi vogal do Padroado desta Fundación.

XX. Café Derby

Situado na entrada da Rúa das Orfas desde 1929 –así consta aínda nas enormes vidreiras-, xunto a unha das sete vellas portas da Compostela, a da Mámoa (pertencentes todas elas a unha muralla de case dous quilómetros que mandara construír o bispo Cresconio no século XI), foi un dos primeiros cafés que se abriron en Galiza; Isaac lembraba perfectamente a súa construción.

Segundo o xornalista Fernando Franjo, Díaz Baliño traballara alí como artista, pois pintara sobre a madeira unha orla verde agrisada con elementos vexetais dourados, que decora tanto a parte inferior do teito coma os soportes, ademais do acceso ao baño; tamén elaborara uns tapices, xa desaparecidos. Porén, a familia de Isaac non ten constancia ningunha disto.

O local tiña ademais un alto e luxoso mostrador de mármore de Carrara e un zócolo de caoba traída expresamente desde Cuba que, xunto coas mesas de madeira, as lámpadas de bronce e a cerámica de Manises, conformaron un café diferente, o primeiro da cidade con manteis nas mesas e cafeteiras exprés. Mesmo os triplos colgadoiros amosan un deseño orixinal, o do inventor do fútbolín Alejandro Finisterre.

O propio Camilo Díaz Baliño acostumaba reunirse alí, ao igual que Valle-Inclán con Arturo Cuadrado; as tertulias intelectuais foron importantes na época republicana. O Derby viuse obrigado a mudar o nome co remate da Guerra Civil pola presión da censura, pasando a coñecerse como Imperial. Trátase dunha especie de Café Tortoni pero á galega; tras o regreso da Arxentina, Isaac continuaba a parar alí de cando en vez.

XXI. Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

